

## Cara ao mar

**Silvia García**

Unha revista pode configurarse cada ano nun espazo de encontro entre xeitos de ver o mundo, entre as variadas miradas coas que nos situamos cara o mar.


O amplo espazo que nos circunda contén tamén as visións do futuro, porque hai moitas maneiras de proxectar o pasado cara ao futuro como o turismo mariñeiro que se presenta no proxecto Marusía de Bueu. Recolle tamén na revista o intanxible, as narracións orais dos habitantes de Ons que viven rodeados e protexidos por ese mar que lles da unha identidade, traballo, alegrías e tristuras.

Hai moitas memorias do mar, moitas maneiras de traballar ó seu carón, como se poderá ver na colleita de artigos desta revista, o mar contén aínda a pegada dos naufraxios, o espazo misterioso que aparece nos petrogrifos onde navegan as embarcacións labradas na pedra, e os debuxos de Maruxa Mallo que recolleu en 1936 en Bueu a semente dos seus cadros, os bosquexos, a xeometría, as mans dos mariñeiros, os peixes, as embarcacións. Referencias o diario de abordo do prestixioso navegante Blas de Lezo no 1733; ou os trebellos náuticos desa época.

### PROGRESO

As reivindicacións están presentes tamén porque non chega con lembrar, con deixar testemuño dun valioso pasado, compe traballar para a mellora medioambiental, o coidado dos ecosistemas, traballar para que se poda seguir transmitindo o valor do patrimonio. Por iso seguimos co amplo debate sobre o estaleiro da Banda do Río. Seguimos vendo como se contrapón o patrimonio ós paseos marítimos —que parecen traer consigo a idea de porto deportivo, veraneantes, progreso, turismo—.

Como si a recuperación do patrimonio non implicara tamén o progreso, a acción cara adiante, integrando a cultura do mar na educación, implicando ao turismo que quere aprender e non so tomar cervexas, no coi-



gado do noso contorno e do noso patrimonio. Poñelo en valor axuda a que a percepción do noso futuro sexa de orgullo polo que conservamos, porque xa é un atraso asociar progreso e cemento, urbanismo que tapa o que queda e unifica os pobos como se foran cada un deles a encarnación da peor época do noso país, onde a especulación levou por diante calquera forma de cultura.

